



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e seis de setembro de dous mil dezanove, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María de los Ángeles Buján Burgo, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Nuria Vázquez Argerey, Don Enrique Barreiro Sánchez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Juan Ramón Varela López e Dona Nerea Campo Fariñas.

Non asiste a concelleira Dona María Ángeles Martínez Martínez, que xustificou a súa ausencia ao Sr. Alcalde.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de xuño do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de xuño do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO EJERCICIO ECONÓMICO 2018.- Dáse conta ao Pleno, en cumprimento do disposto no art. 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no art. 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, da aprobación da liquidación do exercicio económico de 2018, por Resolución da Alcaldía de vinte e sete de agosto do actual, fora do prazo establecido para elo.

Da Resolución dáse conta ao Pleno, en cumprimento da lexislación anteriormente citada. Continuarase coa realización dos trámites previstos en orde á tramitación e aprobación da conta xeral do exercicio.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de Modificación de Créditos núm. 9/2019 do estado de gastos do actual exercicio (terceiro da competencia do Pleno) polo importe de 90.150,36€ para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación.

A financiación do mesmo, será con cargo ao remanente líquido de tesourería. No expediente de incorporación de remanentes utilizouse un total de 377.788,57€ e no expediente aprobado en xuño do actual 314.000€. Unha vez aprobado o presente expediente, queda un sobranche de 140.000€.



Fai unha breve exposición o Sr. Alcalde, na que se refire ao importe inicial do orzamento e ao que resulta, unha vez tramitado este expediente, alcanzando cifras récord, grazas ás xestións do equipo de goberno con outras administracións públicas, especialmente a administración autonómica. Refírese tamén a que os importes destinados a inversións supoñen un importe que case alcanza a metade do orzamento, o que non poden dicir moitos concellos.

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, emitíuse informe de Intervención, sinalando o disposto na Lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto Legislativo 2/2002, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno do Concello, en canto órgano competente.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer intervencións ao respecto, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, de transferencia de crédito entre aplicacións de gastos de distintos grupos de programas, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente, polo importe de 90.150,36€.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante da modificación proposta.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

4.- CALENDARIO LABORAL PARA 2020.- FESTAS LOCAIS.- Dáse conta ao Pleno do escrito remitido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se solicita que se fixen os días festivos locais para 2020. Á vista do mesmo, pola Alcaldía propónse que se sigan fixando como nos anos anteriores os días:

- 25 de febreiro, martes de antroido
- 13 de xullo, luns de Santa Isabel.

Á vista do anteriormente exposto, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Fixar como festas locais para 2020: 25 de febreiro, martes de antroido e 13 de xullo, luns de Santa Isabel.





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Dar traslado do acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aos efectos oportunos.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.- Vista a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 7 de xuño (Diario Oficial de Galicia núm. 116, de 20 de xuño) pola que se procede á convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego durante o 2019.

Á vista do convenio de colaboración entre os Concellos de Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo, para a solicitude conxunta de subvención para un programa integrado de emprego, delegando no Concello de Outeiro de Rei a realización das actuacións administrativas necesarias para a solicitude da axuda, así como a xustificación do investimento, asumindo a representación perante a Xunta e no grupo de traballo dos concellos asinantes.

Á vista do disposto na orde reguladora e na normativa de aplicación, así como das consideracións postas de manifesto ao respecto, considerando a importancia das actuacións a realizar, por Resolución da Alcaldía de 16 de xullo, ordeouse:

“PRIMEIRO: A solicitude conxunta polos concellos de Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo dun programa integrado de emprego, a desenvolver conxuntamente polos citados concellos.

SEGUNDO: Delegar no Concello de Outeiro de Rei, para a realización das actuacións administrativas necesarias para a solicitude da axuda, así como a xustificación do investimento, asumindo a representación perante a Xunta de Galicia e no grupo de traballo dos concellos asinantes do programa integrado de emprego, a realizar ao abeiro da Orde do 7 de xuño de 2019..

TERCEIRO: Comprometerse o Concello de Friol a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería). Os concellos contribuirán por partes iguais ao financiamento dos gastos resultantes do programa que non sexa cuberto polo financiamento autonómico, previa liquidación polo Concello de Outeiro de Rei, unha vez que sexa aprobada a xustificación da subvención pola Xunta de Galicia ou, de ser o caso, unha vez que se dite resolución ao expediente de reintegro. A estes efectos habilitarase importe suficiente nos presupostos da entidade.

CUARTO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos”

Visto que na Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as Entidades Locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Á vista do actuado, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación do disposto pola Resolución da Alcaldía de 16 de xullo, pola que se aproba a



solicitude conxunta polos Concellos de Outeiro de Rei, Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo, autorizando ao concello de Outeiro de Rei, para a realización da actuacións previstas na solicitude de programa integrado de emprego.

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** a ratificación das actuacións ao respecto.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BEGONTE, CASTRO DE REI, FRIOL, OUTEIRO DE REI E RÁBADE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS.-Dáse conta do convenio de colaboración asinado coa data 26 de xuño, entre os concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, para a prestación do servizo de Prevención de Condutas Aditivas durante período 2019-2022.

Na Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

No convenio refírese a que os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Pare estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias, en consoancia co orzamento de gastos do servizo acordado pola Comisión Mixta.

Na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dise que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. En termos similares se recolle no art. 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia.

Na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, refírese as supostos que non se entenderán como exercicio de novas competencias. No apartado a) refírese á continuidade na prestación de servizos xa establecidos. No apartado e) refírese á concurrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientacións, de mellora da empregabilidade e formativas e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co art. 297 da Lei 5/97. Tampouco de entenderá exercicio de novas competencias a realización das





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

actividades citadas unha vez obtida a subvención. No apartado f) refírese á colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén común, que puideran formularse mais aló do reparto competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co disposto no art. 193.2 da Lei 5/97 .

Á vista do actúado, do informe de, propónse ao Pleno do Concello a ratificación das actuacións realizadas ao respecto. Á vista de que non se desexan facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** a ratificación das actuacións ao respecto.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclámase o acordo adoptado.

7.- REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

- Unha vez celebradas as eleccións municipais, pola Alcaldía propúxose ao Pleno do Concello os nomeamentos de representantes en órganos colexiados, aos que se lle prestou aprobación na sesión celebrada o 20 de xuño do actual. Non obstante, quedaron pendentes os nomeamentos para o Consorcio de turismo Lugo-Terra Cha, así como na Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo. A representación nestes órganos será ostentada pola Alcaldía, de conformidade co disposto no art. 21.1.b da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Seguidamente, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, procédese a efectuar a votación ao respecto. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta da Alcaldía, ostentando a representación no Consorcio de turismo Lugo-Terra Cha, así como na Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo.
- Dar traslado do nomeamento a cada un dos órganos colexiados, do que deban formar parte.

Unha vez realizada a votación polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

8.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas nos meses de xuño e xullo do actual.

9- INFORMES DA ALCALDÍA.- A instancias do Sr. Alcalde, polo Secretario dáse conta das cuestións que a continuación se relacionan, de interese para o Pleno, sen que se plantexe ningunha cuestión ao respecto:

- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno na sesión de 22 de xullo do actual, en relación co viveiro de empresas, á vista das solicitudes de prórroga presentadas por Ovidio Zolle Vázquez e pola representación de Frimetallnox, para as naves 1 e 4. Á vista do disposto na ordenanza acordouse a prórroga por unha anualidade mais, advertido que ao vencemento da prórroga finalizará o prazo



concedido para o acollemento nas naves do parque empresarial, sen que se poida prolongar mais a duración do mesmo.

- Dáse conta do escrito remitido pola Delegación de Economía e Facenda en Lugo, polo que se da traslado do disposto no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Castastro Inmobiliario, no referente á representación que corresponde ás Corporacións Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria. En aplicación do disposto no art. 2.3.a da orde EHA/2386/2007, tras a renovación das Corporacións Locais despois do proceso electoral do 26 de maio, comunicárase o nome de tres concellos da provincia, excluído o de Lugo, aos que a Corporación outorga o seu voto para que lles represente no Consello Territorial. Tras esa votación, designáranse representantes da sección aos tres concellos que maior número de votos obtivera.

No escrito remitido, instan a que para o correcto funcionamento do órgano colexiado a constituír, se tomen as medidas oportunas para que a contestación se realice no prazo mais breve posible.

Á vista do devandito escrito, a Xunta de Goberno Local, na sesión de 29 de xullo do actual, acordou:

- “
 - Outorgar os votos do concello de Friol para a súa representación no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria aos concellos de Paradela, Begonte e Portomarín.
 - Dar traslado do presente acordo, á Delegación de Economía e Facenda, aos efectos oportunos.
 - Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos”.
- Escrito presentado por Jesús Rebolo Castro, Raquel Río Rebolo e Víctor M. Montecelos, referente ao cambio de camiños da vía pública que comeza no núcleo con dirección á estrada Friol-Begonte, rexeitan rotundamente ceder a vía pública, xa que non queren compartir parte da súa propiedade e servidume das súas fincas. Engaden que nunca recibiron información por escrito, de esta situación, nin da estrada, nin da vía pública, despois de estar denunciado atopámonos na mesma situación, sen solución algunha. Hai tempo que segue pechada con alambrada por parte de Manuel Varela Pena, e esperan que se poñan en funcionamento o antes posible e comuniquen como queda a situación. Engaden, que no referente ao poste que se colocou no ano 2019 para o alumado no recinto de o núcleo, necesitan saber que función aporta, dado que a posición na que está resulta colocado, resulta incómoda xa que está na vía pública.

Ao respecto faise constar que o expediente de desafectación, aprobouse polo Pleno do Concello, na sesión de 1 de abril do actual, segundo o disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais. Someteuse ao trámite de información pública, mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo legalmente establecido se presentasen reclamacións ao respecto. Ao non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional, enténdese definitivamente aprobado. De elo, deuse conta ao Pleno do Concello, na sesión de 27 de xuño do actual.





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Queda pendente a enaxenación mediante permuta da superficie resultante da parcela patrimonial, unha vez que tivo lugar a desafectación. Elo levarase a cabo, de conformidade co previsto na normativa de aplicación.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, non constando a presentación de ningunha cuestión por escrito con anterioridade á sesión.

Non se formula ningunha cuestión ao respecto.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e coarenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.

